



## AMPLIACIÓN DO ACORDO ORZAMENTARIO ENTRE A MAREA ATLÁNTICA E O PSdeG-PSOE PARA OS ORZAMENTOS 2020 DO CONCELLO DA CORUÑA

O goberno municipal do PSdeG-PSOE, en base ao cumprimento dos acordos acadados coa Marea Atlántica, comprométese a:

- 1.- Convocar a comisión de traballo bilateral para **o cambio do regulamento das escolas infantís municipais** o vindeiro xoves **23 de xaneiro**.
- 2.- Convocar, o próximo **28 de xaneiro**, a Xunta Xeral de Accionistas de EMALCSA para a conversión da empresa municipal en “medio propio”, como primeiro paso para o **impulso e creación do operador enerxético 100% público**. Á Xunta Xeral seguiralle a convocatoria do Consello de Administración que aborde os vindeiros pasos na constitución do Operador e na elaboración do Mapa das Renovables da Coruña.
- 3.- **Convocar unha xuntanza do Consello Reitor do IMCE, para a modificación efectiva do orzamento**, antes de que remate o mes de xaneiro, a fin de trasladar ás previsións orzamentarias os acordos entre a Marea Atlántica e o goberno municipal para os orzamentos do ano 2020, concretamente singularizando unha partida de 200.000 euros para as convocatorias de axudas Xerminal e Cultura de Barrio, e tamén os fondos precisos para dotar o festival Noroeste dunha dirección artística por concurso público.
- 4.- Estudar durante o **primeiro trimestre de 2020** o conxunto da fiscalidade municipal xunto á celebración dunha mesa de traballo coa Marea Atlántica para a búsqueda dunha **maior progresividade no conxunto dos tributos locais, avances na fiscalidade verde e facilidades no acceso a equipamentos e actividades municipais de persoas e colectivos vulnerables**. Profundizar nunha maior **progresividade** en ningún caso debe supoñer por en risco as capacidades do Concello para ampliar os servizos de benestar de proximidade, tendo en conta as modificacións fiscais iniciadas de común acordo xa a finais do ano 2019.

O PSdeG-PSOE e a Marea Atlántica farán un seguimento do cumprimento dos acordos orzamentarios a través da comisión de seguimento constituída en xullo de 2019.

*A Coruña, 8 de xaneiro de 2020*

---